

Dúas notas literarias sobre Pastor Díaz

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2011]). “Dúas notas literarias sobre Pastor Díaz”. *Heraldo de Vivero*: 3.770 (16 de setembro), 1. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1466>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011). “Dúas notas literarias sobre Pastor Díaz”. *Heraldo de Vivero*: 3.770 (16 de setembro), 1.

* Edición dispoñíbel desde o 17 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Dúas notas literarias sobre Pastor Díaz

*Para dous grandes amigos de Viveiro:
Orlando Expósito Mariño e Antonio Rubal Moas*

Agradezo a don Juan Carlos Neira Brochs a súa invitación para colaborar no número do *Heraldo* en homenaxe a Nicomedes Pastor Díaz Corvelle, personalidade política e intelectual na que hai tanto que admirar. Pastor Díaz foi, como político, sincero e honrado nunha medida que, para hoxe, resulta estraña. Sabido é que, cando morre, o 22 de marzo de 1863, era pobre de solemnidade, el que desempeñara, durante décadas, altísimas responsabilidades públicas. Aínda separados por moitos anos e algunhas ideas, cómpre dar tributo de gratitude e admiración a aquel cidadán de Viveiro tan extraordinario. E fágoos con entusiasmo, se ben, nesta ocasión, por imperativo profesional, farei unhas breves incursións na obra literaria daquela personalidade intelectual tan rica e polifacética.

CASTELAO E PASTOR DÍAZ

Ata 1951 os nosos eruditos, ó falaren de Pastor Díaz como poeta en lingua galega, só citaban unha composición súa, “A alborada”, escrita o 11 de maio de 1928 e publicada ese mesmo ano. Trátase dun dos poucos textos poéticos que inicia a prehistoria do Rexurdimento, non o Rexurdimento. Castelao valorou tan positivamente o feito e o texto que na súa obra *Sempre en Galiza* (1944, 1961) dedícalle ó poema tales gabanzas que constitúen unha auténtica magnificación do texto e do feito. Tres son as incursións que Castelao fai no pioneiro poema, as tres fermosamente formuladas.

I. “Un día retornou á nosa Terra un mozo galego que viña de Europa. Era un poeta do seu tempo, romántico, liberal. Cicais se chamase Nicomedes Pastor Díaz. E de súpeto descubriu na fala labrega e mariñeira do seu país un xeito insuperable de expresión literaria. Aquel día rompeuse o silencio de Galiza. Dispois naceron Rosalía, Curros, Pondal...” (p. 104).

Son palabras dun artigo de 1937 publicado no periódico *Nueva Galicia*.

II. Castelao, no seu maxistral discurso do 25 de xullo de 1947, a alocución onde menciona e gaba a “Santa Compañía de inmortaes galegos”, en interminable procesión, despois de citar a Prisciliano... Xelmírez... o P. Sarmiento e o P. Feixóo, escribe. “Ven axiña, Nicomedes Pastor Díaz, coa a súa lira de nacra, abrindo a renascencia literaria de Galiza...” (p. 431)

III. “Mentres Nicomedes Pastor Díaz descubría, co seu espírito ‘europeo’, as maravillosas posibilidades de noso idioma...” (p. 464)

Semella claro que a Castelao fascinouno aquel poema de 1928, escrita cando as voces máis pioneiras –moi poucas– tateaban algúns versos na “fala labrega e mariñeira do país”. Engaiolado, terminou mitificando un pouco o feito e magnificando notablemente o texto. ¿Houbo en Castelao outras razóns para emitir xuízos tan xenerosos sobre uns cantos versos galegos de Pastor Díaz? Ignoramos se chegou a ter noticia de que o autor da “Alborada” pensaba escribir o prólogo de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro (1863). Lémbrese que o autor da “Alborada” faleceu dous meses antes da impresión do libro que constitúe o verdadeiro alborecer da literatura galega moderna: o libro fundacional de Rosalía.

O ACHADO, EN 1951, DA “ÉGLOGA DE BELMIRO E BENIGNO”

Fixoo nese ano o intelixente erudito e excelente poeta Xosé María Álvarez Blázquez, que dirixía daquela, en Vigo, con Luís Viñas Cortegoso, Edicións Monterrey. A editorial, que só publicou oito volumes entre 1950 e 1957, merecía unha monografía escrita pola man dun erudito que fose, ademais, bibliófilo. Na historia editorial de Galicia hai moi poucas coleccións tan fermosas, tan ben ilustradas e, nalgúns casos, tan rigorosamente anotadas.

O volume poesías galegas no que se publica por primeira vez a extensa “Égloga de Belmiro e Benigno”, é o segundo de Edicións Monterrey. Naquela data, o ano 1951, case non hai, en Galicia, libros en galego. Lémbrese que a editorial Galaxia, tamén de Vigo, publica os seus primeiros títulos nese ano. Quen prologa e anota a edición é o autor do achado, Xosé María Álvarez Blázquez. Foi el, no substancioso limiar, quen aduciu as razóns que avalan a Pastor Díaz como autor da égloga. Daquela concordaron con Álvarez Blázquez, ademais de Viñas Cortegoso, Leal Ínsua, Bouza Brey e Francisco Fernández del Riego. Desde 1951 ningún crítico ten posto en dúbida a autoría de Pastor Díaz.

O achado de Álvarez Blázquez causou no seu día unha conmoción no minúsculo universo dos investigadores, conmoción á que eu, estudante de Filoloxía Románica nesas datas, asistín alborozado.

Supoño que Castelao, de vivir en 1951 (morrera había un ano), agradecería non pouco a existencia da “Égloga de Belmiro e Benigno”, o sorprendente poema bucólico cuxa acción se localiza “nas ribeiras amenas / do apacible Landrove”.

XESÚS ALONSO MONTERO
Membro da Real Academia Galega

